

Mato presenta ante o comisario europeo László Andor un plan de recolocación para os desempregados do sector bancario



- Esta iniciativa será presentada ante o Fondo Europeo de Adaptación á Globalización (FEAG), tras as experiencias positivas obtidas con programas de características semellantes como o Empregatex ou o Empreganav
- Así llo adiantou a conselleira de Traballo e Benestar, Beatriz Mato, ao comisario europeo de emprego, asuntos sociais e inclusión na xuntanza que mantiveron
- Mato solicitoulle tamén que a Comisión se pronuncie “no menor tempo posible sobre as axudas do tax lease” e solicitoulle que esta resolución atenda os principios de seguridade xurídica e igualdade de trato para o naval galego.

Traballo investirá máis de 8,6 millóns de euros para a contratación de 1.850 persoas desempregadas a través dos plans de cooperación

- O Diario Oficial de Galicia (DOG núm. 88 do 08.05.2013) publica a convocatoria destas axudas que están dirixidas aos concellos, ás mancomunidades, aos consorcios locais e ás entidades locais menores de Galicia.

O DOG publica a orde dos obradoiros de emprego, que beneficiará máis de 1.000 desempregados

- Esta iniciativa conta cun orzamento de 10,2 millóns de euros para investir entre 2013 e 2014
- Os participantes melloran a súa empregabilidade, ao tempo que dispoñen dun posto de traballo
- Este ano, como novidade, inclúense entre os posibles beneficiarios as persoas desempregadas de entre 18 e 25 anos.

Informe do paro rexistrado

O desemprego descende en maio en Galicia en 6.573 persoas, un 2,26 por cento, o mellor dato desde 2007

- Trátase da terceira baixada consecutiva do desemprego neste ano
- A directora xeral de Emprego e Formación, Ana María Díaz López, destacou que a comunidade autónoma presenta un mellor comportamento que a media estatal, tanto a nivel mensual como interanual

Os servizos de dependencia e autonomía persoal da Xunta reciben o Selo de Excelencia Europea EFQM

- A conselleira de Traballo e Benestar, Beatriz Mato, recolleu este recoñecemento que acredita o compromiso dos servizos de dependencia da Xunta coa excelencia dos seus procesos de xestión.

Sumario	Política social	2-5	Informe do paro rexistrado	11
	Traballo e economía social	6-9	Xuventude e voluntariado	12-13
	Sinistralidade laboral	9	Publicacións	14
	Formación e emprego	10-11	Normativa	15-22
Créditos	Edita: Consellería de Traballo e Benestar			
	Elaboración: Sección de Publicacións e Estatísticas			
	Coordinación: Pepa Dabán Royo			
	Maquetación: Antonio Lameiro Ces			
ISSN: 2254-7835				

Traballo investirá en 2013 preto de 17 millóns de euros en programas de mellora da empregabilidade para persoas con discapacidade

- A conselleira de Traballo e Benestar, Beatriz Mato, inaugurou en Padrón os actos do vixésimo aniversario do Día da Once en Galicia
- En materia laboral e social, o Goberno galego destinará este ano 82,4 millóns de euros ao eido da discapacidade.

Política social

Os servizos de dependencia e autonomía persoal da Xunta reciben o Selo de Excelencia Europea EFQM

- ▶ A conselleira de Traballo e Benestar, Beatriz Mato, recolleu este recoñecemento que acredita o compromiso dos servizos de dependencia da Xunta coa excelencia dos seus procesos de xestión
- ▶ Beatriz Mato explicou que ao longo deste último ano se levou a cabo un intenso labor co obxectivo de implantar de maneira participativa e consensuada un sistema de xestión estandarizado e aceptado en toda a Unión Europea
- ▶ A responsable de Benestar engadiu que o modelo EFQM está orientado á mellora continua, xa que establece que todos os resultados obtidos pola Administración deben servir para iniciar un proceso de revisión e optimización

Santiago, 25 de maio de 2013.- A conselleira de Traballo e Benestar, Beatriz Mato, recolleu o selo de excelencia europea EFQM, outorgado pola Fundación Europea para a xestión da calidade aos servizos de dependencia e autonomía persoal da Xunta de Galicia, no nivel 'Compromiso coa excelencia'.

Este recoñecemento, que se concede a organizacións preocupadas por mellorar a súa xestión, acredita o compromiso dos servizos de dependencia da Xunta coa excelencia e o avance continuo dos seus procesos de xestión.

Beatriz Mato explicou que ao longo deste último ano se levou a cabo un intenso labor co obxectivo de implantar de maneira participativa e consensuada un sistema de xestión estandarizado e aceptado en toda a Unión Europea, debidamente adaptado á realidade dos traballadores e dos servizos de dependencia da Xunta de Galicia.

Para a responsable de Benestar desde a Consellería "tomouse conciencia de que prestar un servizo á sociedade verdadeiramente de calidade, baseado nos principios de eficacia, eficiencia e equidade, non é unha tarefa doada, máis aínda nestes tempos en que o os recursos son limitados" e opinou que "é precisamente neste contexto cando a Administración debe redobrar os seus esforzos e aumentar a súa exixencia".

Por iso, decidiuse pór en marcha un proxecto específico co obxectivo de "implantar de maneira decidida unha cultura da calidade no noso labor diario ao servizo dos galegos e galegas en relación co procedemento de recoñecemento do grao e nivel de dependencia e do dereito ás prestacións do sistema", expuxo Mato.

Neste sentido, marcouse como meta orientar a xestión cara a resultados tanxibles, apostar pola mellora continua e velar polo aproveitamento estratéxico e a optimización dos recursos públicos cos que se traballa.

Este proceso dividiuse en tres fases: autoavaliación, identificación das áreas de mellora e posta en marcha de distintos plans de acción. Na primeira fase, os propios traballadores realizaron unha análise detallada do funcionamento do sistema de xestión destes servizos usando como guía os criterios do modelo.

Na segunda fase definíronse as áreas de mellora que requirían a posta en marcha de plans de acción específicos, e na terceira fase desenvóléronse os plans de acción de carácter inmediato. Ao longo dos próximos meses iranse abordando o resto de actuacións previamente definidos.

O resultado de todo o proceso sitúa a Xunta nun primeiro grao das organizacións que se atopan nos niveis de 'Compromiso coa Calidade Europea' (de acordo coa terminoloxía do Selo



de Excelencia) e que se dirixen progresivamente cara a niveis de "Excelencia superiores".

A responsable de Benestar engadiu que o modelo EFQM está orientado á mellora continua, xa que establece que todos os resultados obtidos pola Administración deben servir para iniciar un proceso de revisión e optimización.

Polo tanto, Mato valorou que aínda que o selo nos sitúa no nivel de 'Compromiso coa Calidade Europea' "non nos conformamos con que sexa unha meta, senón o punto de partida para renovar o compromiso coa excelencia e seguir avanzando no sistema de xestión da dependencia en Galicia", no que se seguirán a implementar novos plans de acción.

Ao longo dos últimos catro anos, a Consellería traballou en distintos avances co fin de mellorar os instrumentos de xestión do sistema da dependencia nos que investiu ao redor de 2,31 millóns de euros, como a elaboración dunha ferramenta informática que permite a xestión integral de todo o procedemento, o módulo extranet aos concellos, o programa de asignación de recursos, o expediente dixital ou un servizo de información ao cidadán a través do 012, entre outras.

Todas estas medidas se inscriben nun plan de mellora de calidade no que destaca a Carta de servizos do sistema para a autonomía e atención á dependencia, a primeira auditada que se aproba en materia de servizos sociais.

Benestar e Cruz Vermella incrementarán en preto de 1.000 persoas o número de usuarios de teleasistencia

- ▶ A conselleira de Traballo e Benestar, Beatriz Mato, e a presidenta de Cruz Vermella, Carmen Colmeiro, asinaron un acordo para prorrogar e ampliar o contrato de xestión deste servizo público
- ▶ Con estes novos usuarios, chegarase aos 5.760 dispositivos e aos 200 de xeolocalización, un 70 por cento máis dos que había en 2009
- ▶ O acordo terá unha validez de dous anos e suporá un investimento total de 2,5 millóns de euros
- ▶ Esta iniciativa inscribese na aposta polos servizos de calidade, que supoñen na nosa comunidade o 70 por cento da atención a persoas dependentes

Santiago, 20 de maio de 2013.- A Consellería de Traballo e Benestar e Cruz Vermella incrementará en preto de 1.000 o número de usuarios do servizo público de teleasistencia en Galicia. Con este aumento, acadaranse os 5.760 dispositivos e os 200 de xeolocalización, o que supón un 20 por cento máis que os usuarios actuais e un 70 por cento máis dos que había en 2009.

A titular do departamento autonómico, Beatriz Mato, e a presidenta de Cruz Vermella, Carmen Colmeiro, asinaron un acordo para prorrogar e ampliar o contrato de xestión deste servizo. Terá unha validez de dous anos e suporá un investimento de 2,5 millóns de euros.

Este servizo está deseñado para que as persoas que viven soas e poidan necesitar algún tipo de axuda teñan acceso inmediato a ela sempre que o precisen. Polo tanto, segundo explicou Mato, resolve "moitas situacións de inseguridade e desprotección e permite a permanencia no fogar das persoas dependentes".

A conselleira destacou tamén as posibilidades que brindan as novas tecnoloxías de cara a mellorar a calidade de vida das persoas. Ao respecto, lembrou que se está a desenvolver o programa de teleasistencia avanzada MiAvizor, que presta unha atención integral as 24 horas e 365 días do ano, grazas aos seus sensores sen fíos.

Este sistema tamén ofrece información sobre hábitos e comportamentos dos usuarios. O ano pasado realizouse unha experiencia piloto e este ano estanse instalando 500 dispositivos en concellos das provincias de Lugo e Ourense.

Segundo salientou Mato, todas estas actuacións se inscriben na aposta do Goberno galego polos servizos de calidade para dar resposta ás persoas en situación de dependencia. "Cómpre non esquecer que os servizos comportan unha atención de maior calidade, pero tamén requiren dun maior investimento que as prestacións económicas", subliñou.

Neste sentido, fixo fincapé en que na Comunidade se está realizando un grande esforzo neste sentido, de modo que os servizos xa supoñen preto do 70 por cento da atención ás persoas dependentes. Trátase dunha cifra superior á media estatal e que converte Galicia na segunda autonomía cunha maior porcentaxe de servizos na atención a persoas en situación de dependencia.

Por último, a titular do departamento autonómico dixo que, xunto co compromiso polos servizos, outro grande eixe será a aposta pola prevención. O pasado xoves aprobouse no Consello da Xunta a Estratexia para a prevención e detección precoz da dependencia en Galicia, que



vai marcar a folia de ruta das políticas autonómicas na materia. O documento contén case 400 medidas concretas e vai supoñer un

salto cualitativo ao pasar do sistema asistencial a outro baseado na prevención.

Política social

Traballo investirá en 2013 preto de 17 millóns de euros en programas de mellora da empregabilidade para persoas con discapacidade

- A conselleira de Traballo e Benestar, Beatriz Mato, inaugurou en Padrón os actos do vixésimo aniversario do Día da Once en Galicia
- En materia laboral e social, o Goberno galego destinará este ano 82,4 millóns de euros ao eido da discapacidade
- Mato destacou que a partida destinada ás entidades sociais que traballan con este colectivo se blinda en 2013 e lembrou que a Xunta está a mellorar a Lei de accesibilidade

Padrón (A Coruña), 25 de maio de 2013.- O Goberno galego investirá este ano máis de 82 millóns de euros no eido social e laboral da discapacidade. En programas de apoio ao emprego serán ao redor de 17 millóns de euros, segundo destacou en Padrón a conselleira de Traballo e Benestar, Beatriz Mato, quen inaugurou os actos do XX aniversario do Día da Once en Galicia.

Na inauguración desta xornada, Mato resaltou que para a integración das persoas máis vulnerables “non hai mellor ferramenta que o emprego”. Neste senso, indicou que os 17 millóns de euros se investirán, entre outros, en apoio á contratación na empresa ordinaria, o mantemento dos centros especiais de emprego e o fomento do emprego autónomo.

No eido social, dedicáranse

máis de 66 millóns de euros á atención social á discapacidade, unha cifra que inclúe diversos conceptos como concertos de prazas, mantemento de prazas públicas, transporte ou apoio a entidades. Con respecto a este último aspecto, a titular de Traballo e Benestar indicou que o departamento autonómico blinda a partida destinada aos colectivos que traballan coas persoas con discapacidade. Deste feito, contarán con 3 millóns de euros para financiar os seus programas. “Ademais acadaremos a máxima eficiencia na repartición, distribuindo os recursos de acordo coa porcentaxe real da poboación con discapacidade de Galicia”, subliñou.

Así mesmo, a conselleira referiuse á mellora da Lei de accesibilidade que está a desenvolver o Goberno galego. “A nova



normativa, que temos previsto levar ao Parlamento ao longo deste ano, favorece unha visión máis ampla da accesibilidade, que vai máis alá do urbanismo e da edificación, regulando outras barreiras que limitan a igualdade de oportunidades, como as de comunicación ou de acceso ás tecnoloxías”, apuntou. Trátase, polo tanto, dun texto legal que, segundo matizou Mato, “camiña cara a unha verdadeira accesibilidade universal”.

Por último, a titular de Traballo e Benestar destacou o labor que desenvolve a ONCE, unha institución

que este ano celebra o seu 75 aniversario e o primeiro cuarto de século da súa Fundación. “Trátase dunha entidade pioneira na loita pola integración e na aposta polo benestar das persoas con discapacidade e as súas familias, un traballo que leva facendo desde antes de que existise o mesmo concepto do Estado de Benestar”, apuntou Mato. Por iso, concluíu afirmando que ao longo de sete décadas, “a Once logrou converterse nun referente imprescindible para a nosa sociedade e para todos os que traballamos no eido dos servizos sociais”.

DECLARACIÓN INSTITUCIONAL DA XUNTA DE GALICIA CON MOTIVO DO DÍA INTERNACIONAL DA FAMILIA

Con motivo do Día Internacional da Familia, que se celebra o 15 de maio, dende a Xunta de Galicia queremos manifestar o noso máis firme compromiso coas familias galegas e os problemas que lles afectan, así como a nosa intención de continuar a traballar na defensa e promoción de políticas e programas dirixidos a garantir o seu máximo benestar.

Para o Goberno galego, as familias, nas súas diferentes modalidades, son o núcleo esencial da nosa sociedade, o medio natural de desenvolvemento e crecemento das persoas, de introdución dos valores persoais e sociais básicos e, polo tanto, a garantía esencial de desenvolvemento das xeracións presentes e futuras.

No ano 1997, o Parlamento de Galicia adoptou a iniciativa de legislar por primeira vez, no ámbito da nosa comunidade, sobre a

familia mediante a Lei 3/1997, do 9 de xuño, galega da familia, da infancia e da adolescencia, supoñendo esta o punto de inflexión na orientación e implementación das políticas autonómicas de protección integral da familia.

Pero a progresiva transformación social e as novas fórmulas de convivencia que hoxe en día teñen cabida na familia como estrutura básica da sociedade, unidas ás características indiscutibles presentes en Galicia, como o envellecemento da poboación e as conseguíntes dificultades de renovación xeracional, leváronnos no ano 2011 á publicación dunha nova Lei de apoio á familia e á convivencia de Galicia, que permita vertebrar as políticas autonómicas de apoio á familia en toda a súa extensión.

Baixo este marco legal, pero nun dos contextos económicos máis difíciles que no noso

presente e pasado recente nos tocou vivir, o Goberno galego, facendo un importante exercicio de responsabilidade, quere poñer o seu foco nas políticas de apoio á familia, preservando e protexendo os recursos económicos necesarios para o sostemento das iniciativas e programas que conforman o noso sistema de protección social.

A celebración do día 15 de maio como Día Internacional da Familia recórdanos un ano máis o deber de seguir polo camiño trazado, poñendo o noso énfase no exercicio das políticas orientadas ao sostemento da estabilidade familiar que minimicen os danos derivados da especial situación económica que a moitas delas lles toca vivir.

O Goberno Galego, na súa reunión do día 9, súmase á declaración do 15 de maio de 2013 como Día Internacional da Familia.

A Xunta aproba a Estratexia de prevención e detección precoz da dependencia co triplo obxectivo de mellorar a calidade de vida dos maiores, facer máis sostible o sistema e converter Galicia nun referente europeo no envellecemento activo

- O presidente do Goberno galego salienta que traballa coa meta de, en 2020, ter previsto a dependencia en 4.000 galegos e galegas
- Destaca a estimación de que por cada euro investido en prevención se xerará unha contención do gasto destinado á asistencia sanitaria de 129 euros ao ano
- Resalta que Galicia é hoxe a terceira autonomía con maior porcentaxe de servizos en materia de dependencia e que o 70% do que gasta en dependencia é en servizos directos
- Detalla que a estratexia contén 392 propostas de actuación repartidas en seis áreas: concienciación da cidadanía; aumento da esperanza de vida libre de dependencia; mellora do diagnóstico e da calidade de vida das persoas con dependencia moderada; apoio ás familias e estímulo de participación cidadá; investigación e innovación; e mellora continua dos recursos dedicados á prevención
- Anuncia a activación da agrupación KICGallaecia para canalizar a candidatura de Galicia a liderar o proxecto europeo sobre envellecemento activo e saudable

Santiago, 16 de maio de 2013.- O presidente da Xunta, Alberto Núñez Feijóo, subliñou a aprobación da Estratexia galega de prevención e detección precoz da dependencia en Galicia, horizonte 2020, como un “instrumento fundamental para lograr tres obxectivos: mellorar a calidade de vida dos maiores, facer máis sostible o sistema sanitario e do benestar, e cumprir a ambición de que Galicia sexa un referente europeo no que a envellecemento activo e saudable se refire”.

Na rolda de prensa posterior ao Consello da Xunta, o titular do Goberno galego remarcou que Galicia é unha comunidade “pioneira” por dotarse dunha folla de ruta ata 2020 para dar “un salto cualitativo nas políticas sociais, buscando a prevención da dependencia e non só a asistencia á dependencia”.

Feijóo admitiu que a dependencia é unha cuestión que “obsesiona” o Goberno galego, máis aínda tendo en conta os datos estatísticos que amosan que a nosa Comunidade é unha das que ten maior porcentaxe de maiores (22,5% fronte ao 16,2% de media en España) e maior taxa de dependencia (112,9 dependentes por cada 1.000 habitantes fronte aos 89,7 por 1.000 da media española). Así mesmo, referiuse

ás previsións da evolución da poboación, que agoiran un aumento da dependencia en Galicia do 8,14 nunha década.

Para facer fronte a esta realidade, o presidente galego remarcou a posta en marcha da Estratexia de detección precoz e prevención da dependencia, que dá continuidade ao traballo feito ao longo da lexislatura pasada e que ten como resultados que Galicia é hoxe “a terceira autonomía con maior porcentaxe de servizos en materia de dependencia”, xa que “preto do 70% do que gastamos en dependencia son servizos directos”.

Previr a dependencia de 4.000 galegos e galegas

Segundo subliñou, o programa de actuacións aprobado polo Consello fixa como meta conseguir que no ano 2020 se prevínese a dependencia en 4.000 galegos e galegas, e remarcou a estimación de que por cada euro investido en prevención se xerará unha contención de gasto en atención sanitaria de 129 euros ao ano.

Na súa intervención, o presidente galego puxo en valor que esta estratexia “nace do diálogo, do consenso e do acordo” entre a Administración, os colectivos, os



colexios profesionais, os axentes sociais, a Fegamp e os institutos de estudo.

Concretou que a Estratexia de prevención e detección precoz da dependencia contén 28 obxectivos e 392 propostas de actuación repartidas en seis áreas: “educación e concienciación da cidadanía; mellora do diagnóstico e da calidade de vida das persoas con dependencia moderada; apoio ás familias e estímulo de participación cidadá; investigación e innovación para ampliar a vía saudable e autónoma das persoas e mellora continua dos recursos dedicados á prevención”. “Sabemos o que temos que facer ata o ano 2020”, afirmou o presidente galego, e engadiu que “non imos improvisar”.

Así mesmo, Alberto Núñez Feijóo subliñou algunhas das medidas destacadas que recolle a estratexia e que son: a creación dun espazo informativo a modo de observatorio “para deseñar accións de resposta adaptadas aos colectivos destinatarios segundo grupos de idade, sexo, tipo de discapacidade ou territorio onde viven”; o establecemento de programas de préstamo, alugamento ou doazón de produtos de apoio mediante concertos con empresas de ortopedia, así como a creación de redes de colaboración para facilitar estas operacións entre os

propios usuarios; estudo de investigación do custo social e individual da dependencia “para poder avaliar correctamente os investimentos que facemos”; impulso da coordinación sociosanitaria e das novas tecnoloxías para “insistir cada vez máis na teleasistencia”; posta en marcha de plans de detección e prevención da dependencia nas comarcas e nos municipios galegos sobre a base do estudo das historias clínicas de cada municipio.”

Liderado europeo coa agrupación KICGallaecia

O presidente da Xunta deu conta da aprobación polo Consello da posta en marcha da agrupación KICGallaecia para canalizar a candidatura de Galicia a “liderar o programa de vida saudable da poboación maior da Unión Europea”.

Concretou que nesta agrupación conflúen tres departamentos da Xunta, as tres universidades galegas, o Clúster de Saúde de Galicia e as distintas fundacións sanitarias, que “unen e presentan a candidatura en Europa para obter o recoñecemento de rexión que lidere este programa europeo” a partir de 2014. Segundo indicou, conseguir este obxectivo suporía que a Comunidade galega estaría “mellor posicionada para a captación de financiamento europeo”.

Traballo e economía social

Mato presenta ante o comisario europeo László Andor un plan de recolocación para os desempregados do sector bancario

- Esta iniciativa será presentada ante o Fondo Europeo de Adaptación á Globalización (FEAG), tras as experiencias positivas obtidas con programas de características semellantes como o Empregatex ou o Empreganav
- Así llo adiantou a conselleira de Traballo e Benestar, Beatriz Mato, ao comisario europeo de emprego, asuntos sociais e inclusión na xuntanza que mantiveron
- Mato solicitoulle tamén que a Comisión se pronuncie "no menor tempo posible sobre as axudas do tax lease" e solicitoulle que esta resolución atenda aos principios de seguridade xurídica e igualdade de trato para o naval galego
- No que se refire á área social, destacou a inminente constitución da agrupación KIC Gallaecia para situar Galicia nunha rede internacional de primeira orde no ámbito da saúde e do envellecemento activo
- Mato pediu o apoio do comisario á candidatura de Galicia como rexión de referencia no ámbito do envellecemento activo e saudable
- Andor valorou positivamente a elaboración do plan demográfico, que está sendo un tema de especial preocupación na Unión Europea



Bruxelas, 30 de maio de 2013.- A Consellería de Traballo e Benestar presentará ante o Fondo Europeo de Adaptación á Globalización (FEAG) un plan de recolocación para os desempregados do sector bancario. Así llo adiantou a titular deste departamento, Beatriz Mato, ao comisario europeo de emprego, asuntos sociais e inclusión, László Andor, nunha xuntanza que mantiveron en Bruxelas.

Este plan de actuación presentárase tendo en conta os bos resultados acadados con outros programas de características semellantes que foron aprobados polo FEAG, como o destinado ao sector téxtil (Empregatex) e ao naval (Empreganav), este último aínda en execución.

O deseño deste novo proxecto persegue mellorar as oportunidades dos traballadores en situación de desemprego deste sector, mediante a creación e consolidación de proxectos empresariais ou incorporándoos a actividades de carácter administrativo-financeiro noutras áreas da nosa economía.

Neste eido, na xornada de mañá a conselleira reuniráse con responsables do FEAG para valorar a viabilidade deste programa para obter fondos europeos.

Sen deixar os temas laborais, Mato solicitoulle ao responsable europeo o seu apoio para acadar unha resposta xusta e "no menor tempo posible" da Comisión Europea sobre o tax lease, tendo en conta a súa inminente resolución, e pediu que esta atenda aos principios de seguridade xurídica e igualdade de trato. "O sector naval é vital para a nosa economía e, agora mesmo, precisa máis que nunca do apoio europeo", subliñou Mato.

Ambos os dous responsables abordaron tamén a elevada taxa de desemprego xuvenil, unha das "máximas preocupacións" do Goberno galego. A conselleira trasladoulle que Galicia se adheriu á Estratexia de emprego e emprendemento xuvenil, posta en marcha polo Goberno central, que conta con 100 medidas e un orzamento de 3.500 millóns de euros.

O Goberno galego complementará este programa coas súas actuacións específicas, como o programa Forcon (que combina formación e emprego) ou o contrato de formación e aprendizaxe, cuxa parte formativa é financiada voluntariamente pola Xunta.

Área social

No que se refire a temas de

carácter social, sobre a mesa puxéronse fundamentalmente tres asuntos: o envellecemento activo, a dinamización demográfica e a inclusión.

Na primeira área, de envellecemento activo, Mato destacou iniciativas como a Estratexia para a prevención e detección precoz da dependencia, ou o desenvolvemento do proxecto europeo Envellecemento+activo coa rexión Norte de Portugal, no marco do POCTEP. Este programa conta cun orzamento de 2,5 millóns de euros e, entre os seus obxectivos, destaca o desenvolvemento de novas ferramentas tecnolóxicas.

Na xuntanza, Mato fixo especial fincapé en que Galicia vai constituir a Agrupación KIC Gallaecia co propósito de desenvolver unha candidatura para liderar a KIC (Comunidade de coñecemento

e innovación) no ámbito da saúde e o envellecemento activo, que está promovida polo Instituto Europeo de Innovación e Tecnoloxía.

Nesta agrupación están incluídos tres departamentos da Xunta, as tres universidades galegas e o Clúster da saúde de Galicia, así como distintas fundacións sanitarias. Sinalou que a participación nesta KIC constituiría unha "oportunidade extraordinaria" pola entrada nunha rede internacional de primeira orde, e pola oportunidade de acceder a unha liña de financiamento altamente flexible

No eido das novas tecnoloxías, a conselleira puxo en valor tamén a elaboración da Estratexia de especialización intelixente de Galicia (RIS3), coordinada pola Axencia de Innovación de Galicia, que debe presentarse este verán ante a Unión Europea. Dela

depende a captación de ata 1.200 millóns de euros de fondos FEDER entre 2014 e 2020.

Os seus principais obxectivos son: situar Galicia á cabeza da aplicación das TIC no envellecemento activo; xerar tecnoloxía intelixente que promova a saúde a través da actividade física e poñer en marcha un modelo sociosanitario dixital integral.

Sobre estes mesmos asuntos, Mato pediu o apoio do comisario á candidatura de Galicia como rexión de referencia no ámbito do envellecemento activo e saudable. Mato destacou que o departamento autonómico está traballando no desenvolvemento de sistemas innovadores de apoio ás persoas maiores e con dependencia, así como iniciativas de apoio á súas familias e aos profesionais. O nomeamento de Galicia como rexión de referencia suporía un mellor posicionamento á hora de captar fondos europeos para traballar neste eido.

Dinamización demográfica

Na segunda área, da dinamización demográfica, a titular galega explicou o plan posto en marcha pola Xunta, e salientou que "por primeira vez unha autonomía lidera de maneira decidida unha actuación que ten por obxectivo atallar o problema demográfico".

Esta ferramenta sitúa a cuestión demográfica entre as máximas prioridades do Goberno galego, e propón preto de 70 medidas específicas para darlle solución. Só en 5 desas medidas –incentivos fiscais, casas niño, servizo de axuda no fogar para a infancia, axudas á vivenda e bonificacións no transporte público– a Xunta vai investir uns 90 millóns de euros. Andor valorou positivamente a elaboración desta guía de actuación, dado que a demografía está sendo un tema de especial preocupación na Unión Europea.

O DOG publica a orde de axudas para constituír e manter oficinas de fomento cooperativo da rede Eusumo

- Esta iniciativa ten como obxectivo promover e fomentar o cooperativismo en todo o territorio
- As axudas van destinadas aos concellos galegos e entidades locais
- Financiarase ata o 100% do custo necesario para un ano de funcionamento dunha oficina de fomento cooperativo, e ata un 80 por cento das accións de promoción que se desenvolvan nelas
- Ao abeiro da Rede Eusumo, que se constituíu en 2012, xa naceron 21 cooperativas e 1 sociedade laboral, xerando ata 80 empregos directos.

Santiago, 20 de maio de 2013.- O Diario Oficial de Galicia (DOG núm. 94 do 20.05.2013) publica a orde de axudas, destinadas a concellos e entidade locais, para constituír e manter oficinas de fomento cooperativo que deberán estar integradas na Rede Eusumo. O seu obxectivo debe ser promover e fomentar o cooperativismo, así como a creación e consolidación de emprego no eido da economía social en todo o territorio galego.

Esta orde poderá financiar ata o 100 por cento do custo necesario para un ano de funcionamento dunha oficina de fomento cooperativo e ata un 80 por cento das accións de promoción que se desenvolvan nela. Tamén serán subvencionables aquelas actividades realizadas polos beneficiarios que fomenten o cooperativismo no ámbito territorial

dos concellos solicitantes.

Á hora de conceder as axudas terase en conta o número de cooperativas existentes no ámbito territorial dos solicitantes; o número de concellos que se agrupen para solicitar esta subvención; e as actividades previstas, entre outros criterios.

Todas as oficinas xa constituídas, ou que se creen, terán que formar parte da Rede Eusumo, creada en 2012 pola Consellería de Traballo e Benestar. A través desta rede, entre outras funcións, préstase información, formación e asesoramento; apoio á comercialización e internacionalización; ou realízanse análises e estudos para buscar oportunidades.

Deste xeito, as persoas que se achegan ata esta rede atopan o apoio necesario aos procesos de

autoemprego que inician a través da fórmula cooperativa ou da sociedade laboral. E, así, poden analizar tecnicamente todos os elementos para ter en conta e poder facer viable a súa idea de negocio.

Froito do traballo desta rede, xa se realizou o acompañamento de 150 grupos promotores, formados por 679 persoas. Ademais, ao abeiro desta iniciativa naceron 21 cooperativas e unha sociedade laboral, xerando ata 80 empregos directos.

Dentro da rede tamén se traballa na posta en valor e recoñecemento de sectores potenciais, xa que esta iniciativa se encarga de explorar o territorio e identificar espazos de oportunidade. Traballouse, segundo as localidades, en sectores como o forestal, produción agraria, aproveitamento da castaña, transportes, cultural, turismo ou formación. En tanto os servizos sociais son un eido potencial de creación de emprego en Galicia, a rede ofrece un apoio específico para fomentar empresas de economía social neste sector. Ademais, tamén se están impulsando as cooperativas no ensino.

<http://www.eusumo.coop/>



Traballo e economía social

Traballo pon en marcha un programa de apoio ás micropemes en crise en colaboración coa Cámara de Comercio de Santiago e Incyde

- A conselleira de Traballo e Benestar, Beatriz Mato, asinou un protocolo de colaboración para desenvolver esta iniciativa, cofinanciada con fondos europeos
- Este novo programa ten como destinatarios preferentes as empresas que operen en sectores tradicionais, contén con máis de cinco anos de antigüidade, dispoñan dun cadro de persoal de entre 1 e 10 empregados e que requiran apoio e asesoramento especializado para superar un momento de dificultade
- O programa vaise estruturar fundamentalmente en dúas áreas: a formación e a tutoría, que se desenvolverán de forma complementaria
- A responsable de Traballo apuntou que con esta iniciativa axudarase ás empresas, non só a que sexan capaces de superar as súas dificultades puntuais e garantir así a súa supervivencia, senón tamén a que incrementen de forma estrutural a eficacia e a eficiencia da súa xestión empresarial
- A Xunta aposta polos emprendedores e autónomos ao blindar a partida dedicada a este colectivo nos orzamentos deste ano, con máis de 25 millóns de euros.



Santiago, 13 de maio de 2013.- A Consellería de Traballo e Benestar colaborará coa Cámara de Comercio de Santiago e a Fundación Incyde no desenvolvemento dun programa de apoio ás empresas, preferentemente ás micropemes, en crise. A previsión é que poidan participar no proxecto un total de 20.

A conselleira de Traballo e Benestar, Beatriz Mato, asinou co presidente da Cámara de Comercio de Santiago, Jesús Asorey; e co director xeral da Fundación Incyde, Javier Collado; un protocolo de colaboración para desenvolver esta iniciativa, cofinanciada con fondos europeos e dirixida especificamente a favorecer o mantemento e a mellora de pequenas empresas e autónomos afectados pola situación actual.

En concreto, este novo programa ten como destinatarios preferentes as micropemes que operen en sectores tradicionais, contén con máis de cinco anos de antigüidade, dispoñan dun cadro de persoal de entre 1 e 10 empregados e que requiran apoio e asesoramento especializado para superar un momento de dificultade.

O programa vaise estruturar fundamentalmente en dúas áreas: a formación e a tutoría, que se desenvolverán de forma complementaria.

En concreto, haberá sesións de consultas individualizadas pero tamén sesións conxuntas, nas que se tratarán temas comúns para calquera empresa que viva unha situación de crise. Estas sesións conxuntas servirán, ademais, para poñer en contacto distintos empresarios para que compartan puntos de vista e experiencias, ofrecéndolles así a posibilidade de aprender e extraer conclusións da práctica de outros.

A formación vaise impartir por áreas como a economía financeira, márketing, innovación e novas tecnoloxías, área xurídica, dirección de proxectos ou lóxística internacional, e englobará todas as materias que teñen repercusión na competitividade da empresa.

Pola súa banda, as titorías individualizadas permitirán o deseño dun plan de negocio personalizado para cada unha das empresas participantes no programa que percorrerá o camiño completo que vai desde a definición dos problemas da empresa ata a formulación dun plan de axuste empresarial.

Beatriz Mato indicou que dito plan é o obxectivo último do programa e marcará a folla de ruta para mellorar as posibilidades da empresa, facendo fincapé naquelas áreas que amosan unha maior debilidade e un menor

aproveitamento da capacidade da empresa.

Apostarase por maximizar a competitividade da empresa, tal e como esixe o mercado actual tan globalizado e competitivo; poñeráse a énfase en aumentar a capacidade de exportación de produtos e servizos, así como en todo o que teña que ver coa internacionalización; trasladarase aos empresarios e autónomos a necesidade de acadar a máxima eficiencia na xestión; e fomentarse a adaptación do negocio a criterios de responsabilidade empresarial e de xestión ambiental, que non só axudan a aumentar a competitividade, senón que tamén melloran a imaxe das empresas.

Beatriz Mato lembrou que os emprendedores e autónomos son “un dos motores que nos ten que impulsar para deixar atrás a crise definitivamente”. Por iso, a Xunta aposta por eles ao blindar a partida dedicada a este colectivo nos orzamentos deste ano, con máis de 25 millóns de euros.

Así mesmo, subvencionarase a contratación no só do primeiro traballador por parte dun autónomo, senón tamén do segundo e terceiro; e estase a impulsar a Lei de fomento do emprendemento, o primeiro texto legal da economía galega que ofrece cobertura aos emprendedores.

A responsable de Traballo apuntou que con esta iniciativa axudarase ás empresas, non só a que sexan capaces de superar as

súas dificultades puntuais e garantir así a súa supervivencia, senón tamén a que incrementen de forma estrutural a eficacia e a eficiencia da súa xestión empresarial.

Beatriz Mato lembrou que os emprendedores e autónomos son “un dos motores que nos ten que impulsar para deixar atrás a crise definitivamente”. Por iso, a Xunta aposta por eles ao blindar a partida dedicada a este colectivo nos orzamentos deste ano, con máis de 25 millóns de euros.

Así mesmo, subvencionarase a contratación no só do primeiro traballador por parte dun autónomo, senón tamén do segundo e terceiro; e estase a impulsar a Lei de fomento do emprendemento, o primeiro texto legal da economía galega que ofrece cobertura aos emprendedores.

O ISSGA contabiliza 235 casos de enfermidades profesionais no primeiro trimestre de 2013

- Os sectores da industria e dos servizos son os que rexistraron máis partes de enfermidades profesionais, con 110 e 100 casos, respectivamente
- Por grupos de enfermidades, o maior número de casos foron provocados por axentes físicos, 168, dos que 88 foron sen baixa.

Santiago, 5 de maio de 2013.- O Instituto de Seguridade e Saúde Laboral de Galicia (ISSGA), como órgano técnico en prevención de riscos laborais, desenvolve unha liña de actuación sistematizada para o estudo estatístico da incidencia das enfermidades profesionais en Galicia e a investigación das súas causas. Os datos correspondentes ao primeiro trimestre deste ano poñen de manifesto que nese período foron comunicados 235 partes de enfermidades profesionais, dos que 118 foron con baixa. Por sexos, 117 dos afectados eran mulleres e 118 homes.

En relación co primeiro trimestre do ano pasado, no cal

se comunicaron 344 partes de enfermidade, os 235 comunicados no primeiro trimestre deste ano supoñen unha diminución do 31,69% das enfermidades comunicadas.

Os sectores da industria e dos servizos son os que rexistraron máis partes de enfermidades profesionais. Na industria producíronse 110 casos e nos servizos 100; seguidos da construción, que rexistrou 16 partes; da pesca, con 5 partes; e da agricultura, con 4 casos. No sector servizos, as notificacións afectan en maior grao o colectivo feminino e nas rexistradas no sector de industria, o masculino. En ambos casos, a maioría das patoloxías detectadas son provocadas por axentes

físicos, e máis concretamente, lesións osteomusculares.

Por grupos de enfermidades, o maior número de casos foron provocados por axentes físicos, 168, dos que 88 foron sen baixa e das que as provocadas por posturas forzadas e movementos repetitivos no traballo supoñen o maior número de enfermidades deste grupo; seguidos da inhalación de substancias e axentes non incluídos nos outros grupos con 26 casos, deles 12 sen baixa.

No grupo de enfermidades da pel por sustancias e axentes non comprendidos nos outros grupos houbo 19 partes, deles 10 sen baixa. No de enfermidades provocadas por axentes biolóxicos comunicáronse 14 casos, deles 4 sen baixa. No de axentes químicos houbo 8 partes, 3 deles sen baixa; e no grupo de axentes

carcinógenos non houbo ningún parte de enfermidade.

Por provincias, o maior número de partes procede de Pontevedra, onde se notificaron 149, deles 72 cursaron sen baixa. Na Coruña houbo 51 comunicacións, delas 26 sen baixa. En Ourense rexistráronse 22 partes, dos que 14 foron sen baixa. E en Lugo houbo 13 casos, 5 deles sen baixa.

Esta recompilación sistematizada de datos serve ao ISSGA para analizar, investigar e avaliar as causas e factores determinantes das enfermidades profesionais e priorizar o asesoramento técnico, as campañas de divulgación e sensibilización e a temática das xornadas técnicas, en función dos sectores de actividade afectados e das patoloxías máis frecuentes, como é o caso das enfermidades osteomusculares.

A sinistralidade laboral baixou nun 8,17% no primeiro cuadrimestre de 2013 en Galicia

Santiago, 2 de xuño de 2013.- O total dos accidentes laborais en xornada laboral rexistrados en Galicia no primeiro cuadrimestre de 2013 diminuíu un 8,17%, cun total de 7.488 accidentes laborais fronte aos 8.154 no mesmo período do ano 2012.

Este descenso produciuse en todas as provincias, agás en Lugo, onde tiveron o mesmo número de accidentes

que no ano pasado, nunha porcentaxe do 13,11% en Pontevedra, do 6,95% na Coruña e nun 4,16% en Ourense.

Doutra banda, no mes de abril a sinistralidade aumentou un 34%. Neste mes rexistráronse 2.022 accidentes fronte aos 1.509 accidentes rexistrados no mesmo mes do ano anterior. Do total, 1.973 foron accidentes leves, 45 graves e 4 mortais.

Aumentaron os accidentes en todos os sectores: na agricultura nun 66,13%, na pesca nun 54,67%, na industria nun 38,63%, nos servizos nun 34,61% e na construción nun 8,62%.

Para ter unha visión precisa da evolución da sinistralidade laboral, utilízase o índice de incidencia, que compara o número de accidentes co número de traballadores coas continxencias

profesionais cubertas.

O índice de incidencia do total dos accidentes en xornada laboral en Galicia, aumentou un 34,86% en abril deste ano respecto ao mesmo mes do ano anterior. Por sectores, o maior aumento foi na agricultura co 74,75%, na pesca do 63,32%, na industria do 45,55%, nos servizos foi do 30,99% e na construción foi do 30,75%.

<http://issga.xunta.es/portal/contido/observatorio/>



Formación e emprego

O DOG publica a orde dos obradoiros de emprego, que beneficiará máis de 1.000 desempregados

- Esta iniciativa conta cun orzamento de 10,2 millóns de euros que se investirán entre 2013 e 2014
- Os participantes melloran a súa empregabilidade, ao tempo que dispoñen dun posto de traballo
- Este ano, como novidade, inclúense entre os posibles beneficiarios as persoas desempregadas de entre 18 e 25 anos
- Os concellos deberán asumir o compromiso de procurar a entrada no mercado laboral posterior das persoas participantes; de feito, a media de inserción destes programas encóntrase preto do 70%

Santiago, 16 de maio de 2013.- O Diario Oficial de Galicia (DOG núm. 93 do 16.05.2013) publica a orde de obradoiros de emprego. Esta iniciativa beneficiará máis de 1.000 desempregados e desempregadas galegos e galegas, grazas a un investimento de 10,2 millóns de euros que se distribuirá entre 2013 e 2014.

En total, ao abeiro desta orde, financiaranse máis de 43 proxectos

con unha duración de seis meses. No transcurso das diferentes iniciativas, os participantes mellorarán a súa empregabilidade ao tempo que dispoñen dun posto de traballo.

Polo tanto, a finalidade destes programas é combinar a formación cun traballo efectivo, isto é, contarán cun contrato de traballo e un salario mentres toman parte nesta actividade.

Todos os alumnos recibirán

formación profesional para o emprego adecuada ás esixencias dos certificados de profesionalidade durante toda a duración do proxecto, isto é, formación acreditable. E, ademais, contarán con orientación e asesoramento profesional, empresarial e laboral; así como a formación, se é o caso, nas competencias clave de cara á obtención dos correspondentes certificados de profesionalidade. Tamén disporán de educación compensatoria para os

que non alcanzasen os obxectivos da ESO, así como módulos en materia de seguridade e saúde no traballo, alfabetización informática, sensibilización no medio e en igualdade de xénero.

As axudas poderán ser solicitadas, como entidades promotoras dos obradoiros, tanto polas entidades locais como polos seus organismos que teñan competencias na promoción de emprego, así como os consorcios.

<http://www.xunta.es/dog/>



Traballo investirá máis de 8,2 millóns de euros en axudas a entidades sen ánimo de lucro para a contratación de máis de 560 desempregados

- O Diario Oficial de Galicia (DOG núm. 99 do 27.05.2013) publica a convocatoria destas axudas que están dirixidas a colectivos sociais, especialmente de discapacidade e de risco de exclusión social
- O prazo para presentar as solicitudes será dun mes a partir do día seguinte ao da súa publicación no DOG.

Santiago, 27 de maio de 2013.- A Consellería de Traballo e Benestar investirá este ano máis de 8,2 millóns de euros para axudas a entidades sen ánimo de lucro coa finalidade de que sexan destinadas á contratación de máis de 560 persoas en situación de desemprego.

O Diario Oficial de Galicia (DOG núm. 99 do 27.05.2013) publica a convocatoria destas subvencións, que están dirixidas especialmente a colectivos que traballan a favor das persoas con discapacidade ou en risco de exclusión social.

<http://www.xunta.es/dog/>



Traballo investirá máis de 8,6 millóns de euros para a contratación de 1.850 persoas desempregadas a través dos plans de cooperación

- O Diario Oficial de Galicia (DOG núm. 88 do 08.05.2013) publica a convocatoria destas axudas que están dirixidas a colectivos sociais, especialmente de discapacidade e de risco de exclusión social
- O prazo para presentar as solicitudes será dun mes a partir do día seguinte á súa publicación no DOG.

Santiago, 8 de maio de 2013.- A Consellería de Traballo e Benestar destinará este ano máis de 8,6 millóns de euros para a contratación de persoas desempregadas a través dos plans de cooperación dirixidos a entidades locais. Destas axudas, cuxa convocatoria sae publicada no Diario Oficial de Galicia (DOG núm. 88 do 08.05.2013), poderán beneficiarse 1.850 persoas en situación de desemprego, preferentemente aquelas con especiais dificultades de inserción laboral.

Estas subvencións están dirixidas á realización de obras ou servizos de interese xeral e social por parte das entidades locais co obxecto de mellorar a empregabilidade dos galegos e galegas a través da adquisición de

experiencia profesional. En concreto, poderán beneficiarse destas axudas os concellos, as mancomunidades de concellos, os consorcios locais e as entidades locais menores. O prazo para presentar as solicitudes será dun mes a partir do día seguinte da súa publicación, a excepción das que estean dirixidas á contratación de mulleres vítimas de violencia, que poderán presentarse ata o 15 de novembro.

As entidades solicitantes deberán presentar unha solicitude por cada obra ou servizo que vaian desenvolver e sempre a través da sede electrónica da Xunta, <https://sede.xunta.es>.

<http://www.xunta.es/dog/>



Informe do paro rexistrado

O desemprego descende en maio en Galicia en 6.573 persoas, un 2,26 por cento, o mellor dato desde 2007

Santiago, 4 de xuño de 2013.- O desemprego descendeu no mes de maio en Galicia en 6.573 persoas, un 2,26 por cento. Esta cifra supón o mellor dato desde 2007 e constitúe a terceira baixada consecutiva no que vai de ano, tralas rexistradas en marzo e abril.

A directora xeral de Emprego e Formación, Ana María Díaz López, destacou tamén que a comunidade autónoma presenta un comportamento mellor que a media estatal, tanto a nivel mensual como interanual. Con todo, e a pesares de considerar o dato como positivo, insistiu na necesidade de ser prudentes á hora de facer valoracións sobre posibles cambios de tendencia.

Díaz López fixo fincapé en que a diminución deste mes é "seis veces superior" á rexistrada

no mesmo mes do ano pasado e en que Galicia presenta un mellor comportamento que a media estatal, tanto a nivel mensual como interanual. No Estado, o desemprego baixou mensualmente en 98.265 persoas, un 1,97 por cento, fronte ao 2,26 da comunidade autónoma.



En canto á evolución interanual, o incremento galego foi do 2,63 por cento (+7.278 persoas), o mellor dato tamén desde 2007. Este dato é tamén 12 puntos mellor que a evolución interanual do mesmo mes de 2012, que superaba o 15 por cento. Galicia é a quinta comunidade autónoma onde menos sube o desemprego en termos interanuais.

Por sectores, o principal descenso concéntrase no sector servizos (-4.019); seguida pola construción (-1.462); a industria (-930); a agricultura e a pesca

(-146) e o colectivo sen emprego anterior (-16).

Por provincias, o paro baixou en todas elas, sendo Pontevedra a que máis diminúe (-3.241), seguida pola Coruña (-1.930); Lugo (-737); e Ourense (-665)

En canto aos contratos, no mes de maio rexistráronse en Galicia un total de 56.301 contratos, 3.585 contratos máis que no mes anterior. Deste total, 4.258 foron indefinidos (7,56 por cento) e 52.043 temporais (92,44%).



Xuventude financiará con 2.400 euros a 250 mozos e mozas para a realización de prácticas de formación en empresas europeas

- ▶ A Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado, dependente da Consellería de Traballo e Benestar, financia este ano con 600.000 euros o programa Galeuropa
- ▶ A área autonómica está a desenvolver foros informativos nas principais cidades galegas para difundir esta iniciativa e resolver as dúbidas da mocidade
- ▶ As xornadas tiveron lugar e en Santiago, Ferrol, Pontevedra e Vigo
- ▶ As estadias no país europeo terán unha duración de 8 semanas, entre o 1 de xullo e o 15 de novembro
- ▶ O prazo para solicitar unha praza rematou o pasado 29 de maio

Santiago, 13 de maio de 2013.-

A Consellería de Traballo e Benestar, a través da Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado, destinará este ano un total de 600.000 euros ao programa Galeuropa co que os mozos e mozas galegos e galegas poderán facer prácticas formativas en empresas de calquera dos estados membros da Unión Europea. O prazo para solicitar unha praza xa está aberto e rematará o próximo 29 de maio. O orzamento da Xunta para esta iniciativa permitirá financiar con 2.400 euros a 250 mozos e mozas.

Para difundir este programa, Xuventude desenvolveu foros informativos nos que a mocidade pode resolver as súas dúbidas. Estas xornadas realizáronse en Santiago, Ferrol, Pontevedra e Vigo.

Poderán participar nesta iniciativa os mozos e mozas de entre 18 e 30 anos que estean en posesión dun título de formación profesional ou universitario e que, ademais, contén con coñecementos lingüísticos en inglés, italiano, francés ou alemán, segundo o país no que se pretenda realizar as prácticas. As estancias no país serán

de 8 semanas, entre o 1 de xuño e o 15 de novembro.

O obxectivo desta actuación é apoiar a formación da mocidade galega mediante a mellora da súa empregabilidade, favorecendo a adquisición de novos coñecementos, habilidades, capacidades e cualificacións para facilitar a súa inclusión no mercado de traballo, de xeito que poidan constatar

unha práctica formativa no estranxeiro como parte do currículo.

O que se pretende, en definitiva, é dotar a Galicia de profesionais que poidan coñecer unha organización do traballo diferente, novos sectores empresariais para implantar na Comunidade galega, así como tamén descubrir novas posibilidades para a internacionalización das empresas galegas.

<http://xuventude.xunta.es/2013042910422/galeuropa-proxecto-de-mobidade-galega.html>



Xuventude adhírese ao convenio entre Injuve e Microbank para o apoio á mocidade emprendedora a través de microcréditos

- ▶ O departamento autonómico ten entre as súas prioridades a busca e apoio a proxectos que poidan favorecer a emancipación dos mozos e mozas galegos
- ▶ Este programa de microcréditos ten como finalidade facilitar o acceso a un financiamento de carácter específico, para a posta en marcha, promoción e apoio financeiro de proxectos empresariais
- ▶ A iniciativa tramitárase no Centro Coordinador de Información Xuvenil de Santiago.
- ▶ Estes préstamos sen avais teñen unha porcentaxe máxima do 95% sobre o custo total do proxecto, sendo a contía máxima de ata 25.000 euros cun prazo de amortización de 5 anos, con 6 meses de carencia optativo.

Santiago, 9 de maio de 2013.-

A Consellería de Traballo e Benestar, a través da Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado, vén de adherirse a un convenio de colaboración suscrito entre o INJUVE e MICROBANK, para realizar actuacións de promoción e apoio á mocidade emprendedora e empresaria ao longo deste ano, enmarcadas no desenvolvemento do Programa de microcréditos.

O departamento autonómico ten entre as súas prioridades a busca e apoio a proxectos que poidan favorecer a emancipación dos mozos e mozas galegos, sobre todo neste momento de crise, no que o emprego xuvenil ocupa unha das prioridades do goberno galego.

Este programa de microcréditos ten como finalidade facilitar o acceso a un financiamento de carácter específico,

para a posta en marcha, promoción e apoio financeiro de proxectos empresariais. Para iso, MICROBANK habilitou unha liña de financiamento que se porá a disposición dos beneficiarios sen necesidade de avais.

A iniciativa tramitárase no Centro Coordinador de Información Xuvenil de Santiago, no que os mozos emprendedores poderán obter información, orientación e asesoramento sobre esta axuda financeira para os seus proxectos empresariais. Os técnicos de xuventude tamén realizarán unha precalificación e unha valoración técnica

do proxecto empresarial, sobre a base do modelo preestablecido e emitir, no seu caso, o Informe de viabilidade do plan de empresa.

Estes préstamos sen avais teñen unha porcentaxe máxima do 95% sobre o custo total do proxecto, sendo a contía máxima de ata 25.000 euros cun prazo de amortización de 5 anos, con 6 meses de carencia optativo. O tipo de xuro será do 8,25% e manterase fixo durante toda a vida da operación. As comisións de apertura, estudo e amortización anticipada será do 0%.

<http://www.injuve.es/>



Xuventude e voluntariado

Un total de 160 descendentes de emigrantes convivirán con 80 mozos e mozas galegos nos campamentos de verán de Xuventude

- ▶ Esta iniciativa permitirá que os descendentes de galegos poidan coñecer a realidade da mocidade galega a través da convivencia e das experiencias que lles achegarán as actividades que levarán a cabo nos campamentos
- ▶ Xa está aberto o prazo para poder participar en calquera destas iniciativas, os interesados poderán realizar a inscrición seguindo as instrucións publicadas na web <http://xuventude.xunta.es>
- ▶ Terán lugar nas residencias xuvenís LUG II de Lugo e Florentino López Cuevillas de Ourense, así como no albergue de Gandarío da Coruña durante dúas quendas de 12 días no mes de xullo
- ▶ Ademais, mozos e mozas de entre 18 e 35 anos poden participar noutras tres actividades da campaña de verán que organiza a Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado.

Santiago, 19 de maio de 2013.-

O programa rotatorio de convivencia entre participantes galegos e da Galicia exterior, organizado pola Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado da Consellería de Traballo e Benestar, permitirá que un total de 80 galegos de entre 18 e 30 anos participen nas actividades dos campamentos xuvenís xunto con outros 160 mozos e mozas descendentes de emigrantes.

Esta iniciativa permitirá que os descendentes de galegos poidan coñecer a realidade da mocidade galega a través da convivencia e das experiencias que lles chegarán as actividades que levarán a cabo nos campamentos.

Estas actividades terán lugar nas residencias xuvenís LUG II de Lugo e Florentino López Cuevillas de Ourense, así como no albergue de Gandarío da Coruña durante dúas

quendas de 12 días no mes de xullo.

Nas dúas primeiras localizacións, os participantes poderán coñecer o patrimonio histórico e cultural destas dúas zonas, así como percorrer varios tramos do Camiño Francés e da Ruta da Prata ata Compostela. No albergue de Gandarío realizarán actividades relacionadas co mar.

Actividades para maiores de 18 anos

Ademais, mozos e mozas de entre 18 e 35 anos poden participar noutras tres actividades da campaña de verán que organiza a Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado. A primeira delas titúlase 'Barrancos do Miño' e conta con actividades deportivas como o barranquismo en Portomarín, kaiak polo río ou rotas BTT. O aloxamento dos participantes será no Complexo Xuvenil LUGII e as quendas no mes de xullo.

A segunda actividade, "Surfeando no Cantábrico" será no Campamento Xuvenil A Devesa de Ribadeo durante o mes de agosto e ten como obxectivo iniciar os participantes no mundo do surf e do bodyboard. Tamén poderán realizar rotas de sendeirismo e escalada en rocódromo.

A última actividade, "Ruta en kaiak de mar - emprende no mar", tratará de fomentar o respecto polo medio mariño a través de actividades marítimas, ao tempo que se realizarán charlas e seminarios sobre emprendedurismo e innovación. Terá lugar nas instalacións da fundación Illa de San Simón entre os días 2 e 6 de agosto. O número total de prazas para as tres actividades é de 153.

Para poder participar en calquera destas iniciativas, os interesados poderán realizar a inscrición seguindo as instrucións publicadas na web <http://xuventude.xunta.es>

<http://xuventude.xunta.es/>



<http://www.voluntariadogalego.org/web/>



Publicacións

Catálogo de publicacións na web

Últimas novidades:



BITEB. Boletín Informativo de Trabajo e Benestar maio 2013, nº 85

Publicación periódica mensual na que se recollen novas sobre as actuacións máis salientables da Xunta de Galicia nos eidos laboral e do benestar. Acompaña á publicación unha recompilación normativa de lexislación relacionada con estes ámbitos de carácter autonómico (DOG e diarios oficiais das restantes comunidades autónomas), estatal (BOE) e comunitario (DOUE).

Acceso:

http://traballo.xunta.es/export/sites/default/Biblioteca/Documentos/Publicacions/BIT_04_2013.pdf

<http://traballo.xunta.es/publicacions-recursos?activo2=sop4>



Fichas dos colectivos no mercado laboral galego

Publicación periódica de carácter anual na que se nos dá información sobre as variables básicas que determinan a estrutura do mercado laboral dos seguintes colectivos: mulleres traballadoras, menores de 30 anos, maiores de 54 anos e estranxeiros. O obxectivo é que sirva de fundamento para a instrumentación de políticas orientadas á mellora da situación do mercado de traballo

Acceso:

http://traballo.xunta.es/export/sites/default/Biblioteca/Documentos/Publicacions/colectivos_2013.pdf



Fichas comarcais do mercado laboral galego

Información estruturada a través de fichas nas que se nos proporciona un estudo pormenorizado do mercado laboral galego nas 53 comarcas da Comunidade Autónoma de Galicia e nas que se achegan datos de poboación, paro rexitrado e contratación.

Acceso galego:

http://traballo.xunta.es/export/sites/default/Biblioteca/Documentos/Publicacions/FICHAS-COMARCAIS-2013_DEFINITIVAS.pdf

As publicacións editadas pola consellería no mes de marzo son as seguintes:

- ▶ BITEB nº 85, maio 2013
- ▶ Cooperativas de Galicia. Informe de síntesis. 2010
- ▶ Estratexia para a prevención e detección precoz da dependencia, horizonte 2020*
- ▶ Sinistralidade laboral Galicia 2012
- ▶ Seguridade e saúde dos traballadores no sector pesqueiro
- ▶ Curso de capacitación para o desempeño de nivel básico. Prevención de riscos laborais. 50 horas
- ▶ Folla de prevención nº 37. Seguridade no ámbito das carretillas elevadoras (II)
- ▶ Folla de prevención nº 37. Seguridad en el ámbito de las carretillas elevadoras (II)
- ▶ Riscos e medidas preventivas nas artes de pesca en Galicia

DOG

- Resolución do 25 de abril de 2013 pola que se fai público o crédito destinado á concesión das axudas previstas para a anualidade 2013, do Real decreto 196/2010, do 26 de febreiro, polo que se establecen medidas para facilitar a reinserción laboral, así como o establecemento de axudas especiais, aos traballadores afectados polos expedientes de regulación de emprego 76/2000, do 8 de marzo de 2001 e 25/2001, do 31 de xullo. (DOG nº 85, do 03.05.2013).

- Orde do 19 de abril de 2013 pola que se modifica a Orde do 2 de xaneiro de 2012 de desenvolvemento do Decreto 15/2010, do 4 de febreiro, polo que se regula o procedemento para o recoñecemento da situación de dependencia e do dereito ás prestacións do sistema para a autonomía e a atención á dependencia, o procedemento para a elaboración do programa individual de atención e a organización e funcionamento dos órganos técnicos competentes. (DOG nº 86, do 06.05.2013 e corrección de erros no DOG nº 94, do 20.05.2013).

- Orde do 24 de abril de 2013 pola que se establecen as bases reguladoras e se convocan axudas en réxime de concorrencia competitiva ás entidades privadas sen ánimo de lucro para a realización de programas de incorporación social en vivendas para pacientes estabilizados nas unidades asistenciais con especialización en drogodependencias da Comunidade Autónoma de Galicia. (DOG nº 87, do 07.05.2013).

- Orde do 29 de abril de 2013 pola que se establecen as bases reguladoras e se convocan subvencións, en réxime de concorrencia competitiva, para as entidades privadas sen ánimo de lucro para a realización de programas de carácter sociosanitario. (DOG nº 87, do 07.05.2013).

- Orde do 3 de maio de 2013 pola que se establecen as bases que regulan as axudas e subvencións para o fomento do emprego a través dos programas de cooperación no ámbito de colaboración coas entidades locais e se procede á súa convocatoria para o exercicio do ano 2013. (DOG nº 88, do 08.05.2013).

- Orde do 6 de maio de 2013 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas para facilitar a obtención do permiso de condución clase B e favorecer a seguridade viaria da xuventude galega, e se procede á súa convocatoria. (DOG nº 90, do 13.05.2013).

- Orde do 30 de abril de 2013 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas destinadas

a accións de fomento da prevención de riscos laborais na Comunidade Autónoma de Galicia no exercicio de 2013. (DOG nº 92, do 15.05.2013).

- Orde do 8 de maio de 2013 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para os obradoiros de emprego dentro dos programas mixtos de emprego e formación da Comunidade Autónoma de Galicia e se procede á súa convocatoria para o ano 2013. (DOG nº 93, do 16.05.2013).

- Orde do 25 de abril de 2013 pola que se convoca o proceso de acreditación de competencias profesionais adquiridas a través da experiencia laboral, na Comunidade Autónoma de Galicia, en determinadas unidades de competencia do Catálogo nacional de cualificacións profesionais, de distintas familias profesionais. (DOG nº 94, do 20.05.2013).

- Orde do 10 de maio de 2013 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de axudas aos concellos e outras entidades locais de Galicia para a realización de actividades de promoción e fomento do cooperativismo, e se procede á súa convocatoria para o ano 2013. (DOG nº 94, do 20.05.2013).

- Orde do 16 de maio de 2013 pola que se convocan axudas económicas para o alumnado que realiza formación práctica en centros de traballo. (DOG nº 95, do 21.05.2013).

- Decreto 74/2013, do 18 de abril, polo que se modifica o Decreto 35/2000, do 28 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento de desenvolvemento e execución da Lei de accesibilidade e supresión de barreiras na Comunidade Autónoma de Galicia, para a súa adaptación á Directiva 95/16/CE, do Parlamento Europeo e do Consello, do 29 de xuño, sobre aproximación das lexislacións dos Estados membros relativas a ascensores. (DOG nº 96, do 22.05.2013).

- Resolución do 20 de maio de 2013, da Secretaría Xeral da Emigración, pola que se aproban as bases reguladoras para a concesión das axudas extraordinarias a emigrantes galegos retornados e aos seus familiares e se procede á súa convocatoria para o ano 2013. (DOG nº 97, do 23.05.2013).

- Orde do 8 de maio de 2013 pola que se regulan as bases para a concesión das axudas establecidas no artigo 27 da Lei orgánica 1/2004, do 28 de decembro, de medidas de protección integral contra a violencia de xénero, e no artigo 43 da Lei 11/2007,

do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero, e se procede á súa convocatoria para o ano 2013. (DOG nº 98, do 24.05.2013).

- Resolución do 30 de abril de 2013, da Dirección Xeral de Traballo e Economía Social, pola que se dispón a inscrición no rexistro e a publicación no Diario Oficial de Galicia da modificación do Acor- do interprofesional galego sobre procedementos extraxudiciais de solución de conflitos de traballo. (DOG nº 98, do 24.05.2013).

- Orde do 15 de maio de 2013 pola que se regulan as bases que rexerán as subvencións dirixidas a entidades de acción voluntaria e a entidades locais enmarcadas no programa Servizo de Voluntariado Xuvenil e se procede á súa convocatoria para o ano 2013. (DOG nº 99, do 27.05.2013).

- Orde do 20 de maio de 2013 pola que se establecen as bases que regulan as axudas e subvencións para o fomento do emprego a través dos programas de cooperación no ámbito de colaboración coas entidades sen ánimo de lucro e se procede á convocatoria para o ano 2013. (DOG nº 99, do 27.05.2013).

- Orde do 21 de maio de 2013 pola que se establecen as bases reguladoras da subvención do custo salarial para o mantemento dos postos de traballo ocupados por persoas con discapacidade nos centros especiais de emprego de Galicia e se procede á súa convocatoria para o período do 1 de decembro de 2012 ata o 30 de novembro de 2013, dentro do Programa para a promoción da integración laboral das persoas con discapacidade en centros especiais de emprego. (DOG nº 100, do 28.05.2013).

- Orde do 28 de maio de 2013 pola que se establecen as bases que rexerán a concesión de subvencións a entidades de iniciativa social para a promoción de actividades de servizos sociais comunitarios e inclusión social e se procede á súa convocatoria para o ano 2013 (cofinanciada parcialmente polo Fondo Social Europeo). (DOG nº 102, do 30.05.2013).

- Orde do 30 de maio de 2013 pola que se convocan axudas para a adquisición de libros de texto, materiais curriculares e material didáctico e complementario destinadas ao alumnado matriculado en educación primaria, educación secundaria obrigatoria ou educación especial, en centros sostidos con fondos públicos, no curso escolar 2013/2014. (DOG nº 103, do 31.05.2013).

NORMATIVA CCAA

Andalucía

- Orden de 24 de abril de 2013, por la que se convoca la concesión de subvenciones a Asociaciones y Federaciones de mujeres para la realización de proyectos que fomenten la participación social de las mujeres y la promoción de la igualdad de género, para el año 2013. (BOJA de 02.05.2013)
- Decreto-ley 7/2013, de 30 de abril, de medidas extraordinarias y urgentes para la lucha contra la exclusión social en Andalucía. (BOJA de 03.05.2013 y corrección de errores BOJA de 22.05.2013)
- Resolución de 23 de abril de 2013, del Instituto Andaluz de la Mujer, por la que se convoca la concesión de prestaciones económicas, en régimen de concurrencia no competitiva, a participantes en actuaciones de Formación Profesional para el Empleo dirigidas a mujeres víctimas de violencia de género, a desarrollar en el año 2013. (BOJA de 06.05.2013 y corrección de errores BOJA 17.05.2013)
- Resolución de 23 de abril de 2013, de la Dirección General de Personas Mayores, Infancia y Familias, por la que se convoca la séptima edición de los premios «Andaluna de Atención a la Infancia». (BOJA de 06.05.2013)
- Resolución de 22 de abril de 2013, de la Dirección General de Participación y Equidad, por la que se convocan los premios «Rosa Regás» a materiales curriculares que promuevan la igualdad entre hombres y mujeres en educación y que destaquen por su valor coeducativo, en su VII edición correspondiente al curso 2012-2013. (BOJA de 07.05.2013)
- Resolución de 25 de abril de 2013, de la Presidencia, por la que se ordena la publicación del Acuerdo de convalidación del Decreto Ley 4/2013, de 2 de abril, por el que se modifica la Ley 4/2002, de 16 de diciembre, de creación del Servicio Andaluz de Empleo. (BOJA de 08.05.2013)
- Resolución de 2 de mayo de 2013, del Instituto Andaluz de la Juventud, por la que se regula la convocatoria para la participación en el Programa de Campos de Trabajo de Servicio Voluntario para Jóvenes 2013.

(BOJA de 08.05.2013 y corrección de errores 27.05.2013)

- Orden de 16 de mayo de 2013, por la que se establecen los contenidos mínimos de la formación específica de las personas mediadoras. (BOJA de 22.05.2013)
- Orden de 16 de mayo de 2013, por la que se aprueban los modelos de solicitud de inscripción básica, modificación, prórroga y cancelación en el Registro de Mediación Familiar de Andalucía, de designación de persona mediadora y de mediación familiar gratuita y el documento de aceptación del proceso de mediación. (BOJA de 24.05.2013)
- Orden de 17 de mayo de 2013, por la que se establecen las bases reguladoras para la concesión de subvenciones, en régimen de concurrencia competitiva, por el Instituto Andaluz de la Juventud a asociaciones juveniles, federaciones de asociaciones juveniles, secciones juveniles de otras asociaciones, entidades sin fines de lucro y grupos de corresponsales juveniles, en materia de juventud, y se efectúa su convocatoria para el ejercicio 2013. (BOJA de 27.05.2013)
- Orden de 17 de mayo de 2013, por la que se establecen las bases reguladoras para la concesión de subvenciones, en régimen de concurrencia competitiva, por el Instituto Andaluz de la Juventud a Entidades Locales Andaluzas para la realización de actuaciones en materia de juventud, y se efectúa su convocatoria para el ejercicio 2013. (BOJA de 27.05.2013)
- Orden de 22 de mayo de 2013, por la que se aprueban las bases reguladoras para la concesión de subvenciones en régimen de concurrencia competitiva para el apoyo a la Red de Solidaridad y Garantía Alimentaria de Andalucía. (BOJA de 30.05.2013)
- Decreto-ley 8/2013, de 28 de mayo, de Medidas de Creación de Empleo y Fomento del Emprendimiento. (BOJA de 31.05.2013)

Aragón

- Orden de 24 de abril de 2013, del Departamento de Sanidad, Bienestar Social y Familia, por la que se hace pública la convocatoria de subvenciones para 2013 del programa

Iseal (Iniciativas Sociales de Empleo en el ámbito local) en su línea de transporte adaptado, en el marco del programa operativo de intervención comunitaria del Fondo Social Europeo 2007-2013, objetivo competitividad regional y empleo en la Comunidad Autónoma de Aragón. (BOA de 08.05.2013)

- Decreto 69/2013, de 30 de abril, del Gobierno de Aragón, por el que se establecen las bases reguladoras de los Programas para el desarrollo de Acciones de Orientación Profesional para el Empleo y el Autoempleo y los Programas Integrales para la Mejora de la Empleabilidad y la Inserción. (BOA de 10.05.2013)
- Decreto 70/2013, de 30 de abril, del Gobierno de Aragón, por el que aprueban las bases reguladoras para la concesión de subvenciones para la creación, consolidación y mejora del empleo y de la competitividad en cooperativas y sociedades laborales. (BOA de 10.05.2013)
- Orden de 16 de abril de 2013, del Departamento de Sanidad, Bienestar Social y Familia, por la que se establecen los costes de las plazas contratadas o concertadas por el Instituto Aragonés de Servicios Sociales para el año 2013. (BOA de 16.05.2013)
- Decreto 77/2013, de 14 de mayo, del Gobierno de Aragón, por el que se distribuyen las competencias de dependencia y de inmigración entre los diferentes órganos de la Administración de la Comunidad Autónoma de Aragón y de modificación del Decreto 337/2011 por el que se aprueba la estructura orgánica del Departamento de Sanidad, Bienestar Social y Familia. (BOA de 24.05.2013)

Asturias

- Resolución de 25 de abril de 2013, de la Consejería de Economía y Empleo, por la que se aprueban las bases que han de regir las convocatorias públicas de subvenciones enmarcadas en el programa InNova-T. (BOPA de 03.05.2013)
- Resolución de 30 de abril de 2013, de la Consejería de Economía y Empleo, de rectificación de errores de Resolución de la Consejería de Economía y Empleo de 10 de abril

NORMATIVA CCAA

de 2013 por la que se aprueban bases reguladoras de la concesión de subvenciones al mantenimiento de puestos de trabajo de las personas en situación de exclusión social en las empresas de inserción del Principado de Asturias. (BOPA de 07.05.2013)

- Decreto 23/2013, de 30 de abril, de segunda modificación del Decreto 73/2012, de 14 de junio, por el que se establece la estructura orgánica básica de la Consejería de Economía y Empleo. (BOPA de 09.05.2013)
